



### CONCELLOS

#### BARREIROS

##### *Anuncio*

#### REGULAMENTO ESPECIAL DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO CONCELLO DE BARREIROS

No pleno do 22 de xaneiro de 2024 aprobanse inicialmente o Regulamento especial de honras e distinción do Concello de Barreiros, e ó non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación provisional adquire o carácter de DEFINITIVA, procedendose á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

##### **“Exposición de motivos.**

O Concello de Barreiros non conta a día de hoxe con normativa municipal que ampare a distinción de persoas, físicas ou xurídicas, que poidan ser merecentes das mesmas; ao abeiro de feitos, acción ou servizos extraordinarios que supoñan un beneficio ao colectivo e contribúan a mellorar e dignificar o nome de Barreiros.

Considérase polo tanto oportuno contar cunha normativa municipal, ao amparo das competencias establecidas nos artigos 4 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local e dos artigos 189 a 191 do Real Decreto 2586/1986, de 26 de novembro, aprobatorio do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que establecen a posibilidade de acordar a creación de medallas, emblemas, condecoracións ou outros distintivos honoríficos, a fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios.

#### CAPÍTULO I. OBXECTO

Artigo 1.- O presente regulamento ten por obxecto a regulamentación dos distintos nomeamentos honoríficos encamiñados a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nas persoas, físicas ou xurídicas, galardoadas.

Artigo 2.- Todas as distincións ás que fai referencia este Regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo, nin de carácter económico.

Artigo 3.- Ningún distintivo honorífico, nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que desempeñen altos cargos nas distintas Administracións en tanto subsistan estes motivos. Tampouco poderán outorgarse a persoas membros da Corporación Municipal ou a dirixentes políticos, mentres se atopen no exercicio do seu cargo.

Para recoñecer a persoas estranxeiras, estarse ao abeiro do disposto na normativa vixente no momento do outorgamento da distinción.

#### CAPÍTULO II. DOS DISTINTIVOS HONORÍFICOS

Artigo 4.- O Concello de Barreiros poderá outorgar os seguintes distintivos honoríficos:

- Insignia
- Filla ou fillo predilecta/o
- Filla ou fillo adoptiva/o

#### CAPÍTULO III. DA INSIGNIA

Artigo 5.- A Insignia do Concello de Barreiros créase na súa categoría de ouro. Concederase como distinción honorífica en recoñecemento de accións, servizos e méritos extraordinarios realizados por cidadáns, grupos, empresas, entidades ou institucións que, tendo vinculación co Concello de Barreiros, ou que non a tendo, realice accións extraordinarias en beneficio deste, representen ou supoñan o exercicio de virtudes individuais ou colectivas que teñan como referencia a solidariedade e o traballo en beneficio dos demais cidadáns.

Artigo 6.- A Insignia do Concello de Barreiros poderá se concedida a título póstumo dentro do ano seguinte ao falecemento da persoa distinguida.

Artigo 7.- Co fin de preservar a importancia de obter dita condecoración, non poderán outorgarse máis de cinco insignias para o seu desfrute simultáneo, podendo cubrir a vacante no caso de que unha persoa posuidora faleza e non se considere o seu outorgamento a título póstumo.

#### **CAPÍTULO IV. DOS NOMEAMENTOS DE FILLA OU FILLO PREDILECTA/O OU ADOPTIVA/O**

Artigo 8.- O nomeamento de Filla ou Fillo Predilecta/o unicamente poderá recaer en persoas físicas que naceran no municipio e teñan demostrados cualidades, méritos e circunstancias relevantes para a localidade que xustifiquen dita concesión.

Artigo 9.- O nomeamento de Filla ou Fillo Adoptiva/o, que recaerá en persoa física, terá a mesma consideración e xerarquía ca de Fillo Predilecto, coa única diferenza de que se lle conferirá a aquela que non fose nacida no municipio pero que, non obstante, teña un vínculo moi especial con el e reúna as condicións sinaladas no artigo anterior.

Artigo 10.- Os nomeamentos anteriores poderán concederse a título póstumo nos supostos de concorreren na persoa falecida os requisitos esixidos ao respecto.

Artigo 11.- Os nomeamentos recollidos no presente Regulamento terán carácter vitalicio e non poderán outorgarse máis de cinco por cada categoría, sen prexuízo de que, en supostos excepcionais, se poida acordar a concesión dun número maior se as circunstancias tivesen a importancia extrema para o municipio.

#### **CAPÍTULO V. DO PROCEDIMENTO PARA OUTORGAMENTO E REVOGACIÓN**

Artigo 12.- Os distintivos outorgaranse previo expediente que se iniciará por acordo de, cando menos, a maioría do número legal de membros do Pleno. En dito acordo proporase á persoa á que se desexa distinguir, así como a distinción a outorgar. No mesmo, nomearanse as persoas da Corporación que serán encargadas da tramitación do expediente, sendo preciso, cando menos, contar cunha Presidencia e Secretaría do órgano instrutor.

Artigo 13.- A persoa que instrúa o expediente ordenará a práctica de cantas probas e actuacións conduzan á precisión dos méritos da persoa proposta, debendo solicitar informes e testemuñas que acrediten o merecemento; sendo incorporadas ao expediente e facendo constar as dilixencias realizadas, tanto se favorecen coma se prexudican a proposta inicial.

Artigo 14.- Rematadas as actuacións, para as que se fixa un prazo máximo de un mes, remitirá informe razoado que inclúa proposta de resolución que deberá ser valorada pola Alcaldía para, de ser o caso solicitar máis dilixencias ou, proceder á remisión de dita proposta ao Pleno do Concello para a adopción do acordo que corresponda.

Artigo 15.- O Pleno do Concello, reunido en sesión extraordinaria con carácter discrecional, de conformidade coa normativa aplicable, resolverá sobre a procedencia ou non da concesión de títulos e honras descritos no presente Regulamento, mediante acordo que deberá ser adoptado co da maioría absoluta legal de membros da Corporación.

Artigo 16.- A entrega das distincións levarase a cabo en acto público solemne no Salón de Sesións do Concello, con asistencia do Pleno da Corporación e aquelas autoridades e representacións que se estimen pertinentes polo propio Pleno, atendidas as circunstancias de cada caso.

Artigo 17.- A persoa que ostente distincións recollidas neste Regulamento gozará dun lugar de honra nos actos públicos aos que sexa invitada.

Artigo 18.- Previo expediente que se instruirá coas mesmas características e garantías que para o outorgamento da honra ou distinción, a Corporación poderá revogar o acto de concesión á persoa galardoada, se esta modifica tan profundamente a súa anterior conducta ou se coñecen novos feitos descoñecidos no momento de tramitación do expediente de concesión que o fan indigno de figurar entre as persoas galardoadas.

#### **CAPÍTULO VI. DO LIBRO DE REXISTRO DE DISTINCIÓNS.**

Artigo 19.- Os títulos e distincións outorgadas inscribíranse no Libro de Rexistro de Distincións por orde cronolóxica de outorgamento, reflectindo o nome da persoa galardoada e o título concedido. No caso de revogación da distinción outorgada, inscribírase nota ao respecto na mesma.

Artigo 20.- O libro de Rexistro de Distincións estará a cargo da Secretaría do Concello.

#### **CAPÍTULO VII. OUTRAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS**

O Pleno do Concello poderá designar unha vía ou espazo público municipal cos nomes de persoas vencelladas a Barreiros e/ou que merezan un recoñecemento especial do municipio sen adaptarse ao establecido para o outorgamento das Distincións recollidas na presente normativa.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

De coñecerse honras e distincións outorgadas con anterioridade ao presente Regulamento deben ser revisadas de acordo ao establecido no mesmo, non contabilizando, no caso de manterse, aos efectos das limitacións numéricas previstas na presente regulamentación.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA.**

Coa entrada en vigor do presente Regulamento quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango poidan existir que regulen as materias contidas neste Regulamento.

**DISPOSICION FINAL**

O presente Regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o seu texto integramente no "Boletín Oficial da Provincia", transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Barreiros, 25 de marzo de 2024.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 0827

---

*Anuncio***CONVOCATORIA DE APERTURA DAS BOLSAS DE EMPREGO PARA POSTOS NA BRIGADA CONTRA INCENDIOS E CONDUCTOR DE MOTOBOMBA COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL NO CONCELLO DE BARREIROS 2024**

Pola Xunta de Goberno Local do 27 de marzo de 2024 aprobanse as bases que rexerán as bolsas de emprego para cubrir posibles prazas para postos na brigada contra incendios e conductor de motobomba, como persoal laboral temporal do Concello de Barreiros.

Prazo de presentación de instancias: DEZ DÍAS NATURAIS (contan sábados, domingos e festivos) a contar dende o seguinte ó da publicación deste anuncio (de 9:30 a 14:30 horas, no Rexistro xeral do concello de Barreiros-Rua Vila, 63, 27790, San Cosme de Barreiros), tamén poderán presentarse a través da sede electrónica municipal ([barreiros.sedelectronica.es](http://barreiros.sedelectronica.es)) e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Bases das bolsas: publicadas na páxina web do concello [www.concellodebarreiros.gal](http://www.concellodebarreiros.gal) e no Taboleiro de anuncios do concello (físico e sede electrónica).

Barreiros, 27 de marzo de 2024.- A alcaldesa, Ana Belen Ermida Igrexas.

R. 0846

---

**O INCIO***Anuncio*

Mediante Acordo da Xunta de Goberno, celebrada o día 27/03/2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de un posto de **Peón de Servizos Múltiples**, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), durante 6 meses, ao abeiro do programa da Deputación Provincial de Lugo "*Reforzo do Emprego*" (Plan Único 2023).

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 08:00 a 15:00 horas, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comezando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán rexistrarse no Rexistro Electrónico Xeral do Concello do Incio (<https://concelloincio.sedelectronica.gal/>) ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello <https://concelloincio.sedelectronica.gal/> (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

O Incio, 27 de marzo de 2024.- O Alcalde, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0847

## Anuncio

**Aprobación definitiva orzamento xeral para o exercicio 2024**

O Orzamento Xeral do Concello de O Incio para o exercicio 2024 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de data 23 de febreiro de 2024, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 051, de data 01 de marzo de 2024. Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral desta Entidade para o ano 2024, as bases para a súa execución e o cadro de persoal. Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, procédese á publicación do resume por capítulos do mencionado orzamento e do cadro de persoal.

**A) ORZAMENTO DO CONCELLO DE O INCIO PARA O EXERCIZO 2022****Orzamento de Gastos**

EUROS

<b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	
<b>A.1) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1. GASTOS DE PERSOAL	1.285.328,79
2. GASTOS CORRENTES	641.065,15
3. GASTOS FINANCEIROS	19.734,09
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	4.200,25
5. FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
<b>A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6. INVERSIÓN REAIS	239.717,10
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
<b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	59.631,72
<b>TOTAL</b>	<b>2.249.677,10</b>

**Orzamento de Ingresos**

<b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>	
<b>A.1) OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1. IMPOSTOS DIRECTOS	442.692,55
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	46.000,00
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	242.000,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.281.188,71
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	4.800,00
<b>A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	35.000,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	197.995,84

<b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>2.249.677,10</b>

**B) CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE O INCIO**

	NÚMERO PRAZAS	GRUPO	CD	CE
<b>A) FUNCIONARIO DE CARREIRA</b>				
<b>A.1.- ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL</b>				
Secretario - Interventor en Agrupación co Concello de Bóveda	1	A1	28	1.798,99 €
<b>A.2.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL</b>				
Administrativos administración xeral	3	C1	22	711,11 €
<b>A.3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL</b>				
Asistente Social	1	A2	22	598,18€
<b>TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO</b>	<b>5</b>			
<b>B) PERSOAL LABORAL</b>				
<b>B.1.- PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER FIXO</b>				
<b>B.1.1.- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local</b>				
	1	A1		
<b>B.1.2.- PERSOAL DE OFICIOS</b>				
Oficial de 1ª	1			
Operarios servizos varios	3			
Limpadora	1			
<b>B.2.- PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER TEMPORAL</b>				
Auxiliares de axuda a domicilio- en proceso de consolidación a laboral fixo	7			
Auxiliares de axuda a domicilio	2			
<b>TOTAL PERSOAL LABORAL</b>	<b>15</b>			

O Incio, 26 de marzo de 2024.- O Alcalde-Presidente, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0848

## LUGO

## Anuncio

## DECRETO Nº: 2781/2024 DO 25/03/2024

**Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo.**

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día dezanove de maio de dous mil vinte e un, adoptou, entre outros, o acordo 6/295 de APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A SETE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES Ó CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (UNHA INCLUÍDA NA OEP 2017, UNHA INCLUÍDA NA OEP 2018 E 5 INCLUIDAS NA OEP 2020).

- Polo Decreto Nº: 11448/2021 do 22/12/2021 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de administrativo/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na OEP 2017, unha incluída na OEP 2018 e 5 incluídas na OEP 2020), que se rexerá polas BASES ESPECÍFICAS aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o 19 de maio de 2021.

Dito Decreto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 299 do 31 de decembro de 2021.

- Polo DECRETO Nº: 2896/2022 do 17/03/2022 resolveuse a corrección do erro no DECRETO Nº: 11448/2021 do 22/12/2021 polo que se convocou o proceso selectivo para o acceso en propiedade a sete prazas de administrativo/a pertencentes ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (unha incluída na OEP 2017, unha incluída na OEP 2018 e 5 incluídas na OEP 2020).

O antedito Decreto foi publicado no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo número 72 de 29 de marzo de 2022, e extracto do mesmo no "Diario Oficial de Galicia" número 106, de 3 de junio de 2022. O anuncio para prover as prazas obxecto desta convocatoria foi publicado no "Boletín Oficial do Estado" num. 147 do 21 de xuño de 2022.

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día oito de febreiro de dous mil vinte e tres, adoptou, entre outros, o acordo 17/57 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A SETE PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (UNHA INCLUÍDA NA OEP 2017, UNHA INCLUÍDA NA OEP 2018 E 5 INCLUÍDAS NA OEP 2020)

Unha vez rematado o proceso selectivo, o Tribunal cualificador en sesión celebrada o 22.09.2023, ACORDOU:

*"Publicar a seguinte relación de aprobados no proceso selectivo para o acceso en propiedade a 7 prazas de administrativo/a do Concello de Lugo mediante promoción interna para elevar ao órgano competente para os efectos da súa publicación no BOP de Lugo é a seguinte:*

1ª.- RICO MENDEZ, MARIA ANGELES (19.25 ptos)

2ª.- RODRIGUEZ PADERNE, MARIA DEL PILAR (19.09 ptos)

3ª.- LOPEZ LOPEZ, MARIA JOSE (18.25 ptos)

4ª.- TORRON FOLGUEIRA, BLAS (17.83 ptos)

5ª.- LONGARELA CEIDE, MARIA JESUS (17.50 ptos)

6ª.- POMBO GALLEGO, IVAN (16.93 ptos)

7ª.- LOPEZ LOPEZ, CONCEPCION (16.50 ptos)

*As persoas aspirantes disporán dun prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións contra as cualificacións finais do proceso selectivo e relación de aprobados, que serán resoltas polo Tribunal.*

*Contra as resolucións e actos de trámite do tribunal, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses, poderá interpoñerse recurso dealzada ante a Xunta de Goberno Local. O prazo de interposición será dun mes."*

En base ás atribucións delegadas por decreto nº 464/2024 do 19/01/2024 ditado pola Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Facer pública a relación dos/as aspirantes aprobados/as no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado órgano o 22 de decembro de 2010, 15 de outubro de 2014 e 5 de decembro de 2018:

**7 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A (C1):**

- 1ª.- RICO MENDEZ, MARIA ANGELES (19.25 ptos)  
2ª.- RODRIGUEZ PADERNE, MARIA DEL PILAR (19.09 ptos)  
3ª.- LOPEZ LOPEZ, MARIA JOSE (18.25 ptos)  
4º.- TORRON FOLGUEIRA, BLAS (17.83 ptos)  
5ª.- LONGARELA CEIDE, MARIA JESUS (17.50 ptos)  
6º.- POMBO GALLEGO, IVAN (16.93 ptos)  
7ª.- LOPEZ LOPEZ, CONCEPCION (16.50 ptos)

**SEGUNDO.-** Os/as opositores/as aprobados/as, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Fotocopia compulsada do documento que acredite posuír a titulación esixida.  
b) Declaración xurada de non estar separada do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.  
c) Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.  
d) Dúas fotografías tamaño carné.

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

**TERCEIRO** - Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 25 de marzo de 2025, Tenente de alcaldesa delegado da Área de Xestión integral de Recursos Internos do Excmo. Concello de Lugo, Ilmo Sr. Don Ángel Pablo Permuy Villanueva.

R. 0840

---

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada en data 27 de marzo de 2024, acordou a aprobación da apertura da convocatoria e bases xerais seguintes:

**APROBACIÓN DA APERTURA DA CONVOCATORIA E DAS BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A AUTORIZACIÓN DO USO EN PRECARIO DE LOCAIS E INSTALACIÓNS NO CENTRO CEI-NODUS, Á ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE CONTRIBÚAN Á DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DO MUNICIPIO, PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SEUS PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES**

**BASE PRIMEIRA.- OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto facilitarles ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro, consideradas de interese para a promoción económica do municipio ou de utilidade pública para o Concello de Lugo, no eido do fomento e da dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no

municipio de Lugo, e que desenvolven a súa actividade dentro do termo municipal do Concello de Lugo, un espazo axeitado onde desenvolver os seus programas e actividades dando así cumprimento aos seus fins estatutarios. Preténdese neste senso, dar soporte ás entidades que leven a cabo proxectos de fomento, sensibilización, formación, información e asesoramento sobre a cultura emprendedora, a dinamización económica, o aproveitamento de recursos, a posta en valor do territorio, o fomento do emprendemento e a creación de emprego no municipio de Lugo.

Para tal efecto, a Área de Dinamización Económica e Relacións Institucionais do Concello de Lugo, dispón dentro do centro CEI NODUS, no que se contan con locais e outras instalacións susceptibles de cesión de uso, tales como:

- 4 Locais (de uso individualizado, tres situados no 1ª andar da zona NODUS e un situado no 2º andar da zona NODUS)
- Salón de Actos, sala de Xuntas e salas e aulas de uso polivalentes (de uso común)

Con esta convocatoria preténdese pór a disposición das entidades que resulten adxudicatarias os locais e demais instalacións mediante autorización de uso temporal en precario. Todo isto, co obxectivo de que as entidades poidan desenvolver o programa presentado na convocatoria, que deberá necesariamente ter como persoas beneficiarias a persoas residentes do termo municipal de Lugo e ter un contido de dinamización económica e posta en valor do territorio segundo o definido nas presentes bases xerais.

#### **BASE SEGUNDA.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA**

Poderán ter dereito á autorización de uso temporal en precario dos locais ou das súas instalacións, as asociacións e entidades sen ánimo de lucro, consideradas de interese para a promoción económica do municipio ou de utilidade pública para o Concello de Lugo, no eido do fomento e da dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no municipio de Lugo, que cumplan todos os seguintes requisitos no día de remate do prazo de presentación das solicitudes:

##### **A) REQUISITOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

1º) Estar legalmente constituídas segundo a forma xurídica que lles corresponda e posuír personalidade xurídica propia.

2º) **Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.** Esta circunstancia deberá constar de xeito expreso nos estatutos da entidade solicitante. Non obstará para a consideración de carencia de ánimo de lucro o feito que as ditas entidades perciban contraprestación das e dos usuarios, sempre e cando da análise global do seu balance económico final non se deduza a obtención de beneficio.

3º) Que o obxecto das asociacións e entidades sen ánimo de lucro, sexa coincidente cos obxectivos perseguidos, **do fomento, dinamización e promoción económica do municipio de Lugo.**

4º) **Figurar inscritas no rexistro público que corresponda cunha antigüidade de 2 anos.** No suposto das asociacións privadas, esixirase que a inscrición sexa no Rexistro Municipal de Asociacións de Lugo.

5º) **Acreditar experiencia mínima de 2 anos** desenvolvendo programas ou actividades de fomento, dinamización e promoción económica dentro do termo municipal de Lugo, e que redunden en beneficio da súa poboación.

6º) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, a Tesourería Territorial da Seguridade Social e o Concello de Lugo respectivamente.

7º) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.

##### **B) REQUISITOS DO PROGRAMA DA ENTIDADE**

1º) Xustificar de maneira rigorosa a necesidade de local por carecer dun espazo axeitado para o desenvolvemento dos seus programas ou actividades, de xeito que, de non contar con este, se poría en risco o desenvolvemento dos programas da entidade.

2º) Presentar un programa que conteña actividades de carácter continuo ao longo do ano. O incumprimento deste requisito será causa de inadmisión da solicitude presentada. Polo tanto, non se adxudicarán locais a aquelas entidades que só teñan actividades puntuais ao longo do ano.

3º) Presentar un programa de actividades que sexa tecnicamente viable, explicando a contribución desas actividades ao fomento, dinamización e promoción económica do municipio de Lugo, segundo o disposto na base seguinte.

O cumprimento de todos estes requisitos deberá ser acreditado coa presentación da solicitude, e deberán manterse en todo caso, ao longo de todo o período de duración da cesión de uso dos locais municipais.



Calquera modificación ou alteración destes deberá serlle comunicada de xeito expreso ao Concello de Lugo. O incumprimento destes requisitos será causa automática de extinción do dereito de uso, previamente notificada á entidade adxudicataria, e tras a tramitación do correspondente procedemento administrativo.

#### **BASE TERCEIRA.- DEFINIÇÃO DO PROGRAMA**

Terá a consideración de programa de fomento, dinamización e promoción económica, para os efectos desta convocatoria: aqueles proxectos de impulso, sensibilización, formación, información e asesoramento sobre a cultura emprendedora, de estimulación económica, ou de aproveitamento de medios, de posta en valor do territorio, de fomento do emprendemento e de creación de emprego, ou ben que activen empresarial e comercialmente os recursos da zona, e tamén aqueles que contribúan a revitalizar a hostalería no municipio de Lugo.

#### **BASE CUARTA.- SOLICITUDES**

As solicitudes deberán presentarse nos anexos normalizados establecidos para os efectos (Anexos I-II-III), e só se admitirá unha solicitude por entidade.

#### **BASE QUINTA.- DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR XUNTO COA SOLICITUDE**

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación actualizada:

- a) Solicitude segundo o ANEXO I subscrita pola persoa que teña a representación da entidade.
- b) Fotocopia do DNI da persoa que asine a solicitude e documento acreditativo da representación.
- c) Copia do código de identificación fiscal da entidade.
- d) Copia dos estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e o seu obxecto (concordante co obxecto definido na base primeira).
- e) Documentación xustificativa da inscrición no rexistro público que corresponda segundo a súa forma xurídica. Se asociación está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo, esta circunstancia poderá ser comprobada de oficio tras autorización da entidade.
- f) Certificacións de estar ao corrente nas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e á Tesourería Xeral da Seguridade Social. A comprobación de non ter débedas co Concello de Lugo realizarase de oficio por este.
- g) Memoria xustificativa do desenvolvemento de actividades por un período continuado de DOUS ANOS e documentación acreditativa da súa realización (p. e. dípticos, carteis, fotografías, información na prensa, páxina web...)
- h) Programa de actividades que deberá estar vinculado ao fomento e dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no municipio de Lugo (segundo Anexo II).
- i) Documento acreditativo do réxime de tenencia/utilización do local onde actualmente desenvolve a súa actividade, de ser o caso.
- j) Declaración xurada expedida polo órgano representativo da entidade onde consten os seguintes datos: nº de socios/as, nº de profesionais contratados, nº de persoas voluntarias e nº de persoas usuarias no ano anterior (segundo Anexo III).
- k) No suposto de entidades que operen en outros concellos, todos estes datos deberán referirse unicamente ao Concello de Lugo.

#### **BASE SEXTA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN**

As solicitudes xunto coa documentación precisa, presentaranse de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica ([www.lugo.gal](http://www.lugo.gal)) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: "considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación".

**As solicitudes presentaranse nos modelos normalizados (ANEXOS I- II e III), ditos documentos son accesibles por vía telemática a través da páxina web do Concello de Lugo ([www.concellodelugo.gal](http://www.concellodelugo.gal)).**

O **prazo de presentación das solicitudes** será de **20 DÍAS HÁBILES** a partir do día seguinte ao da publicación da presente convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Esta convocatoria publicaráse no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web do Concello de Lugo.

Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada, requiriráselle á entidade interesada para que emende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese se lle terá por desistido da súa petición, e arquivarase o expediente sen máis

trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

#### **BASE SÉTIMA.- PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN**

Para a tramitación do procedemento administrativo de concesión de autorización do dereito de uso, nomearase un órgano instrutor e unha comisión de avaliación coa seguinte composición e funcións:

##### 1. Órgano instrutor:

- Persoal técnico/a do Servizo de Desenvolvemento Local.

Son funcións do órgano instrutor:

- Informar as solicitudes presentadas comprobando que as entidades solicitantes cumpren con todos os requisitos esixidos nestas bases, que a documentación esixida está completa, e que o programa de actividades ten un contido vinculado ao fomento e dinamización da actividade económica, empresarial, comercial, do emprego e da hostalería no municipio de Lugo, segundo o establecido nestas bases xerais.

- Realizar os requirimentos nos supostos de documentación incompleta e/ou defectuosa e concesión de prazo para emenda, así como solicitar canta documentación ou informes sexan precisos para a realización das súas funcións.

- Realizar unha preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de entidade adxudicataria e efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de avaliación de cada un dos expedientes.

- Formular proposta de resolución, á vista da acta da comisión de avaliadora, e elevala ao órgano competente para resolver.

##### 2. A comisión de avaliación: composición e funcións

Para exercer as funcións de avaliación, nomearase unha comisión que terá a seguinte composición:

**PRESIDENTE/A:**

- Un/Unha técnico/a adscrito/a ao Servizo de Desenvolvemento Local ou persoal que o substitúa.

**VOGAIS:**

- Un/Unha técnico/a do Servizo de Desenvolvemento Local ou persoal que o substitúa.

- Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretario) ou persoa que o substitúa.

- Un/Unha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.

**SECRETARIA:**

- Un/Unha técnico/a adscrito/a ao Servizo de Desenvolvemento Local social ou persoal que o substitúa, que actuará con voz e sen voto, e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

#### **BASE OITAVA.- ÓRGANO COMPETENTE E PRAZO DE RESOLUCIÓN**

Será competente para resolver as solicitudes presentadas a Xunta de Goberno Local (de conformidade co Acordo 40/607 da XGL do 26 de xullo de 2023), que se reserva o exercicio das atribucións delegables seguintes:

e) as concesións de todo tipo sobre bens de dominio público, salvo cemiterio.

O prazo máximo para resolver as solicitudes será de TRES meses, contados dende o día de remate do prazo de presentación das solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

#### **BASE NOVENA.- RÉXIME DE USO DE LOCAIS**

O uso do local será persoal e intransferible, e deberá destinarse unicamente ao desenvolvemento do programa presentado no momento da convocatoria. De producirse algunha circunstancia modificativa da programación presentada, deberá comunicarse a través do Rexistro Xeral ao Servizo de Desenvolvemento Local.

En ningún caso se adxudicarán locais para funcións de almacenaxe de material.

As entidades interesadas poden comprobar as características dos locais, de forma presencial, durante todo o período de presentación de solicitudes.

Número de locais asignados a cada entidade: a asignación de locais de acordo co principio de optimización de recursos públicos, será a de asignar un local para cada entidade solicitante.

**BASE DÉCIMA: CRITERIOS PARA A ADXUDICACIÓN DE LOCAIS**

A adxudicación dos locais realizarase de xeito estrito segundo a puntuación acadada da aplicación do baremo (establecido na base décimo primeira).

**BASE DÉCIMO PRIMEIRA.- BAREMO DE PUNTUACIÓN**

Para a adxudicación dos locais levarase a cabo unha avaliación de acordo cos seguintes criterios xerais e específicos:

**A) CALIDADE DO PROGRAMA OU PROXECTO. MÁXIMO 15 PUNTOS.**

o Interese dinamizador do programa ou actividade .....Ata 10 puntos.

o Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto.....Ata 5 puntos.

**B) EXPERIENCIA E IMPLANTACIÓN EN LUGO DA ENTIDADE SOLICITANTE. MÁXIMO 10 PUNTOS.**

o Anos de experiencia en Lugo (non se puntuará a experiencia mínima requirida para participar na convocatoria de dous anos e especificada na base 2ª a).....Ata 10 puntos.

Por cada ano de experiencia se outorgará 1 punto.

(Acreditarase documentalmente a devandita experiencia: dípticos, carteis, fotografías, información na prensa, páxina web, etc.).

**C) IMPACTO LOCAL E VISIBILIDADE DA ENTIDADE SOLICITANTE. MÁXIMO 15 PUNTOS.**

o Número de usuarios atendidos durante o ano 2023.....Ata 6 puntos.

Segundo os seguintes intervalos:

Hasta 30 usuarios atendidos: 1 punto

De 31-60 usuarios atendidos: 2 puntos

De 61-90 usuarios atendidos: 3 puntos

De 91-120 usuarios atendidos: 4 puntos

De 121-150 usuarios atendidos: 5 puntos

+ De 151 usuarios atendidos: 6 puntos

(Acreditarase mediante certificado expedido polo órgano competente da Entidade que acredite o número de usuarios atendidos).

o Número de traballadores empregados na entidade á data 31 de decembro de 2023.....Ata 5 puntos.

Por cada traballador empregado se outorgará 1 punto.

(Acreditarase mediante documento IDC (Informe de cotización traballadores por conta allea expedido pola S.S.)).

o Número de socios da entidade á data 31 de decembro de 2023.....Ata 4 puntos.

Segundo os seguintes intervalos:

10-20 socios: 1 punto

21-30 socios: 2 puntos

31-40 socios: 3 puntos

+ 41 socios: 4 puntos

(Acreditarase mediante certificado expedido polo órgano competente da Entidade, que recolla o número de socios na devandita data).

**BASE DÉCIMO SEGUNDA.- ELABORACIÓN DE LISTAXE DE ESPERA**

As entidades solicitantes que non resulten beneficiarias a pesar de cumprir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria quedarán en lista de espera por orde de puntuación para un posible uso posterior de existir un local vacante por calquera circunstancia.

**BASE DÉCIMO TERCEIRA.- DURACIÓN E RÉXIME DA CESIÓN**

A autorización de uso terá unha duración inicial **DUN ANO**, contado dende a aceptación das condicións de utilización por parte da entidade beneficiaria. Este período inicial de cesión poderá **prorrogarse ata un total de TRES ANOS**, incluído o primeiro, todo isto sen prexuízo da facultade do concello de revisar en calquera momento as condicións da cesión e adxudicación de espazos.

**As prórrogas anuais autorizaranse, de ser o caso, logo de revisar a “MEMORIA ANUAL DE PROXECTO”,** na cal terán que constar as actividades realizadas ao longo do ano en curso xunto co grao de consecución dos obxectivos programados e o número de participantes en cada actividade, así como as actividades programadas para o seguinte ano. Esta memoria deberá ser entregada dentro do mes de xaneiro de cada ano. O incumprimento desta obriga comportará a non autorización da prórroga da cesión de uso, polo que a entidade deberá abandonar o local.

Transcorridos tres anos, ou antes, se concorrese circunstancia xustificativa, abrirase unha nova convocatoria.

A cesión do uso de locais é en precario, isto é, revogable en calquera momento por razóns de interese público sen dereito a indemnización.

#### **BASE DÉCIMO CUARTA.- CONDICIÓN DE USO DOS LOCAIS**

##### **1. SINATURA DE ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN DE USO.**

A resolución seralles notificada ás entidades solicitantes. As adxudicatarias deberán asinar no prazo de 10 días hábiles, contados dende a notificación da autorización, un documento de aceptación de condicións desta convocatoria así como outras condicións de uso que se acorden. De non asinar en prazo o documento de aceptación ou as condicións de uso, enténdese que a entidade renuncia ao dereito de uso do local.

Previa a sinatura deste documento, cada entidade deberá presentar un seguro de responsabilidade civil, de non presentalo, será causa automática para ter á entidade decaída do seu dereito á adxudicación do local.

##### **2.- MOBILIARIO**

A cesión de uso en precario dos locais leva aparellada a utilización do material de oficina que hai neles e que sexa de titularidade municipal. As entidades adxudicatarias son responsables do seu uso e conservación, e deberán entregalo no mesmo estado no que o recibiron. Todo o material que precisen a maiores será por conta das asociacións ou entidades e, en todo caso, os aparellos telefónicos serán procurados polas entidades que ocupen os locais.

##### **3.- MANTEMENTO**

O Concello de Lugo correrá cos gastos de electricidade e calefacción, así como cos de mantemento e limpeza, de cada local.

Correrá por conta da entidade os gastos de teléfono e aqueles outros que pola súa natureza sexan susceptibles de individualización.

##### **4.- RESPONSABILIDADE POR DANOS**

As entidades estarán obrigadas á conservación dilixente dos locais cedidos e dos espazos de uso común, incluído o mobiliario, e responderán dos danos que poidan ocasionar os membros da asociación ou as súas persoas usuarias, ben por acción ou omisión, e efectuarán de forma inmediata e ao seu cargo, logo da autorización do Concello, as reparacións necesarias. Esta obriga non se aplicará para o caso de que as deterioracións deriven do uso e sen culpa da entidade ou por acaecemento dun caso fortuíto.

Así mesmo, serán responsables dos danos e perdas ocasionados a terceiros nos locais cedidos e que sexan causados polos seus membros ou usuarios/as da asociación.

#### **BASE DÉCIMO QUINTA.- OBRIGAS DAS ASOCIACIÓNS/ENTIDADES BENEFICIARIAS**

As entidades que resulten beneficiarias quedarán obrigadas ao seguinte, sen prexuízo das demais obrigas establecidas nestas bases ou doutras que poidan impoñerse no correspondente acordo de concesión ou ben que poidan ditarse polo Concello de ser preciso:

- A destinar o espazo cedido ás finalidades propias da entidade de acordo co programa de actividades presentado na correspondente solicitude de cesión e a respectar a finalidade e destino dos espazos comúns.
- Conservar os locais asignados en óptimas condicións de orde, salubridade e hixiene.
- O dereito de uso do local é persoal e intransferible, polo que non poderá de ningún xeito ser arrendado nin cedido en todo ou en parte, nin sequera a título gratuito ou accidental.
- Subscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil pola cobertura dos danos que poidan ocasionarse ás instalacións, elementos comúns ou a terceiros.
- A comunicarlles ao Concello de Lugo en cada momento calquera anomalía, incidencia ou problema que puidera xurdir, e con carácter inmediato no suposto de urxencia.
- A devolverlle ao Concello os locais nas condicións en que lles foron cedidos, agás o desgaste sufridos polo uso.
- A permitirlle, en todo momento, ao Concello o exercicio da facultade de inspección e seguimento do cumprimento das condicións de cesión, facilitándolle, ademais, o acceso aos diversos espazos e proporcionando a información e documentación que lle sexa requirida.

- A comunicarlle ao Concello calquera alteración ou modificación dos requisitos esixidos para participar na convocatoria, con especial interese os que afecten ao desenvolvemento do programa.

O Concello non se fai responsable dos danos ou extravíos que poidan producirse no material das entidades.

#### **BASE DÉCIMO SEXTA.- CAUSAS DA EXTINCIÓN DA CESIÓN DO USO**

O acordo de cesión de locais poderá extinguirse por algunha das seguintes causas:

- a) Finalización do período inicial concedido, das prórrogas ou, en todo caso, aos tres anos da cesión, sen prexuízo de que a entidade saínte poida participar na nova licitación que se convoque.
- b) Falseamento dos datos facilitados ao Concello para adquirir o dereito ao uso ou con posterioridade.
- c) Utilización do local para fins distintos nos establecidos no acordo de concesión.
- d) Disolución ou suspensión da entidade.
- e) Incumprimento grave das obrigas establecidas nesta convocatoria.
- f) Mutuo acordo entre as partes.
- g) Por renuncia da entidade
- h) Por falta de utilización efectiva dos espazos cedidos. Enténdese que non existe utilización efectiva cando nun período continuado de dous meses non se realizara no local actividade ningunha.
- i) Perda dos requisitos esixidos para participar na convocatoria.

Unha vez resolta ou extinguida a autorización de uso, a entidade deberá reintegrarlle ao Concello de Lugo o uso do espazo no termo máximo de 15 días naturais. En caso contrario, será responsable dos danos e perdas que poida ocasionar a demora.

A extinción da cesión de uso por calquera das causas citadas anteriormente non lle dará dereito á entidade ou entidades afectadas a ningún tipo de indemnización ou compensación económica”.

LUGO, 27 de marzo de 2024.- O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ.

R. 0849

## **OUTEIRO DE REI**

### *Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 22 de marzo de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 1º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de abril ata o 15 de abril de 2024. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 22 de marzo de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0832

## A PONTENOVA

### Anuncio

#### LISTAXE DE CONTRIBUÍNTES POR APLICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) E DA ESCOLA DE MÚSICA DE FEBREIRO 2024.

Por Resolución de alcaldía do 19 de marzo de 2024, resólvese prestar aprobación das devanditas listaxes que estarán expostas nas oficinas municipais en horario de 9:00 a 14:00 horas; durante o prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo, para os efectos de que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose definitivamente aprobada se transcurrido o devandito prazo non se formularan suxestións contra ésta.

Contra as liquidacións comprendidas na listaxe de contribuíntes poderase formular recurso de reposición, anterior o contencioso-administrativo, perante a alcaldía no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública da listaxe.-

Así mesmo, acórdase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar : **dende o 12 de abril de 2024 ao 12 de xuño 2024**, ámbolos dous inclusive.

B) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo da Escola de Música: **dende o 12 de abril de 2024 ao 12 de xuño de 2024**, ámbolos dous inclusive.

C) Os recibos, non domiciliados, poderanse facer efectivos na conta bancaria **ES78-2080-0137-41-3110000025** que este Concello ten aberta na oficina de **ABANCA**, sucursal de **A Pontenova**.

Transcurrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentos pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Decreta, manda e asina o señor alcalde, na Pontenova a 21 de marzo de dous mil vinte e catro.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0813

## QUIROGA

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 14 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** A aprobación do padrón de auga, sumidoiro, lixo e ecotaxa correspondente ao 1º trimestre do exercicio 2024.

**SEGUNDO.-** A exposición pública polo prazo de 15 días a efectos de exame e reclamacións, mediante a inserción de edicto no BOP e mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello conforme ao establecido na Lei Xeral Tributaria e a Ordenanza Fiscal Reguladora.

**TERCEIRO.-** Poñer ao cobro no termo do artigo 62.2 da Lei 58/2003, en período voluntario, se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes dende, a data da recepción da notificación ata o día 20 do mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte; si a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e o último de cada mes, dende a data da recepción da notificación ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte. A partir da devandita data pasarase a recadación executiva co seguinte recargo de apremo e demais costas derivados da execución forzosa.

**CUARTO.-** A falta do pago no período voluntario indicado suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía executiva da Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativo ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de 1 mes dende que se entenda producida a notificación.

Quiroga, 15 de marzo de 2024.- O alcalde-presidente, José Luis Rivera Castro.

R. 0814

**RIBAS DE SIL***Anuncio***PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE CINCO (5) PEÓNS, NO MARCO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2023 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (PROGRAMA DE REFORZO DO EMPREGO)**

Mediante Resolución de Alcaldía do 26/03/2024, aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección para a contratación de 5 peóns no Concello de Ribas de Sil, no marco do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023 da Deputación Provincial de Lugo (programa de reforzo do emprego).

POSTOS: 5 PEÓNS.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: No Rexistro Xeral do Concello de Ribas de Sil ou a través de calquera dos medios que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/15, de 01 de outubro, no prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no BOP. No suposto de presentarse a instancia fóra do Rexistro Xeral do Concello de Ribas de Sil, será necesario adiantala por correo electrónico (concelloribasdesil@gmail.com) antes do remate do prazo, para que sexan tidas en conta.

SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso, segundo o establecido nas bases que se encontran a disposición no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ribas de Sil.

Ribas de Sil, 26 de marzo de 2024.- O Alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 0843

**O VICEDO***Anuncio*

O Pleno do Concello, na sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2024, aprobou inicialmente o orzamento municipal para o exercicio de 2024, bases de execución, cadro de persoal, retribucións e fontes de financiamento. Consonte ó establecido no artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e demais disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría - Intervención deste Concello por prazo de 15 días - que se computarán dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo-, a efectos de que durante o mesmo se poida examinar o expediente polas persoas lexitimadas e formularen as reclamacións que se consideren oportunas, as cales deberán dirixirse ó Sr. Alcalde - Presidente desta Corporación.

O Vicedo, 27 de marzo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0850

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO****CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. PRESIDENCIA***Anuncio*

**CONVOCATORIA PARA EL LEVANTAMIENTO DE LAS ACTAS PREVIAS A LA OCUPACIÓN Y ACTAS DE OCUPACIÓN RELATIVAS A BIENES Y DERECHOS AFECTADOS POR EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA LA EJECUCIÓN DE LAS OBRAS DEL "PROYECTO DE ACTUACIONES PARA REDUCIR EL RIESGO DE INUNDACIÓN DEL RÍO RATO EN EL ENTORNO DE LA GLORIETA DE LA CALLE SERRA DE MEIRA. T.M. LUGO. PDM MIÑO-SIL ES010\_3\_CHCH0ICET29SP2487".**

**CLAVE: M1.444-244/2111.**

Por Resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil de fecha 16 de enero de 2023, se acordó someter a información pública el proyecto, a los efectos previstos en el artículo 83 de la Ley 39/2105, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, así como la relación de bienes y derechos de necesaria ocupación, en virtud de lo establecido en los artículos 18 de la Ley de Expropiación Forzosa y 17 de su Reglamento. Esta última se incluye como anexo al presente documento.

Para la ejecución de las citadas obras se declaró la urgente ocupación de los bienes y derechos afectados mediante acuerdo del Consejo de Ministros de 6 de junio de 2023, siendo por tanto de aplicación la normativa que establece el artículo 52 de la vigente Ley de Expropiación Forzosa de 16 de diciembre de 1954 y concordantes de su Reglamento, de 26 de abril de 1957.

En consecuencia, esta Confederación Hidrográfica, en virtud de las atribuciones que tiene conferidas y haciendo uso de las facultades que le otorga el artículo 98 de la Ley de Expropiación Forzosa y atendiendo a lo señalado en las reglas 2ª y 3ª de su artículo 52, ha resuelto convocar a los titulares afectados, conforme se les notifica en las correspondientes cédulas individuales y en los anuncios publicados en los diarios "EL PROGRESO" y "LA VOZ DE GALICIA", en el Boletín Oficial del Estado y en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, para que previo traslado a las fincas de ser ello necesario, se proceda al levantamiento de las Actas previas a la ocupación y Actas de ocupación en el lugar, fechas y horas que a continuación se indican:

LUGAR	FECHA	HORAS
<b>Oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en Lugo</b> <b>Ronda de la Muralla nº 131,</b> <b>2º Planta 27071 Lugo</b>	<b>29 de mayo de 2024</b>	<b>10:00 a 12:00 h</b>

La relación de bienes y derechos afectados fue publicada en el Boletín Oficial del Estado de 23 de enero de 2023, en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo de 24 de enero de 2023, y en el diario "El Progreso" del día 28 de enero de 2023, pudiendo haber sido examinada, junto con los planos parcelarios, en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil en Lugo (Ronda de la Muralla, nº 131, 2ª planta, 27071 - Lugo).

Al acto concurrirán los afectados personalmente o bien sus apoderados, provistos de su Documento Nacional de Identidad, cartilla bancaria de los titulares y fotocopia de la documentación acreditativa de la titularidad, pudiéndose acompañar de sus peritos y un notario, cuyo coste será a su cargo.

Conforme establece el artículo 56.2 del Reglamento de Expropiación Forzosa, hasta el momento en que proceda al levantamiento de las citadas Actas previas a la ocupación, los interesados podrán formular, por escrito, ante esta Confederación Hidrográfica del Miño-Sil (C/ Curros Enríquez, nº4, 2ª planta, 32003 Ourense) alegaciones a los solos efectos de subsanar posibles errores que se hayan producido al relacionar los bienes afectados por la urgente ocupación.

Ourense, 22 de marzo de 2024.- El Presidente, José Antonio Quiroga Díaz.

R. 0845